

Examinouse o informe proposta elaborado polo Negociado de Promoción Cultural con data 17.02.2022 e que literalmente di:

“O Excmo. Concello Pleno, en sesión realizada o día 26 de agosto de 2021, adoptou o acordo de aprobación das Bases reguladoras do programa de subvencións para a promoción e fomento da cultura dende as asociacións culturais de Ferrol para o ano 2021.

Estas bases foron publicadas no BOP nº 168 de data 03.09.2021.

Con data 13.09.2021 o Concelleiro delegado aprobou a convocatoria pública do programa de subvencións para a promoción e fomento da cultura dende as asociacións culturais de Ferrol para o ano 2021. O extracto da convocatoria publicouse no BOP da Coruña nº 178 de data 17.09.2021.

Durante o prazo establecido no punto 6 da convocatoria presentáronse un total de 6 solicitudes.

O Técnico de Cultura, con data 11.11.2021, emitiu informe de avaliación dos proxectos presentados polas Asociacións solicitantes.

A Comisión de Valoración, reunida con data 17/11/2021, unha vez examinado o informe do Técnico, acordou, por unanimidade, asignar a seguinte puntuación ás propostas presentadas:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ENTIDADES					
	MUIÑO	TOXOS	PRENSA	ASCM	APXF	COLUMBA
Interese das actividades, coherencia técnica do proxecto e congruencia entre a programación e os obxectivos da convocatoria (20)	20	20	20	20	20	20
Nivel de cobertura poboacional e interese social da iniciativa (10)	10	10	10	10	10	10
Nivel de representatividade da asociación no seu territorio ou sector (5)	5	5	5	5	5	5
Grao de innovación do proxecto e déficit de actividades análogas no municipio (10)	10	5	5	10	10	5
Capacidade de autoxestión da entidade e nivel de financiamento propio no seo do proxecto (5)	3	3	5	3	5	3
Nivel de sostibilidade do proxecto no tempo (15)	15	15	15	15	15	15
Nivel de colaboración con outras entidades cidadás ou axentes sociais na execución do proxecto (10)	10	X	X	X	10	X
Intercambio e participación activa das persoas socias para a execución do proxecto (5)	5	X	X	5	5	X
Promoción da participación cidadá e dinamización comunitaria (5)	5	X	X	5	5	X
Perspectiva de xénero na formulación do proxecto e na difusión de resultados (5)	5	X	X	X	2,5	X
Ambito poboacional ó que vai dirixido o proxecto (5)	5	5	5	5	5	5
Promoción da extensión social da lingua galega ou do proceso de normalización lingüística como obxectivo de proxecto (2,5)	2	1	1	1	1	1
Existencia de documentación oficial da entidade (estatutos, proxectos, orzamentos, certificados), así como documentos habituais de comunicación da asociación (actas, publicidade, circulares, etc) en lingua galega. Para acreditar este mérito deberase presentar o modelo de declaración responsable de utilización da lingua galega (2,5)	2,5	2,5	2,5	2,5	2,5	2,5

Conforme establece a Base décima, con data 18.11.2021 publicouse a proposta de resolución provisional no taboleiro de anuncios da páxina web do Concello de Ferrol, concedendo un prazo de dez días a partir do día seguinte ao da publicación para a presentación por parte das Asociacións das alegacións que considerasen.

Non consta que se presentaran alegacións.

En consecuencia procedeuse á elaboración da proposta de resolución provisional coa indicación do importe da subvención concedida.

Dita resolución foi notificada as Asociacións, concedéndolles un prazo de cinco días para á aceptación.

No prazo concedido as Asociacións comunicaron a aceptación.

Todas as entidades adxudicatarias de subvención presentan declaración responsable sobre o cumprimento do establecido no art. 14 la Lei Xeral de Subvencións 38/2003 do 17 de novembro, obrigas dos beneficiarios e declaración responsable de que a persoa ou entidade solicitante non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e documentación acreditativa vixente conforme se atopan ao corrente das súas obrigas co Concello, AEAT, ATRIGA e Seguridade Social.

Todas as entidades beneficiarias de subvención non teñen pendente de xustificar ou reintegrar ningunha subvención outorgada pola Concellería de Cultura, tendo transcorrido o prazo para facelo.

En base ó exposto, proponse ao Concelleiro delegado de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas:

Primeiro.-Asignar a seguinte puntuación ás propostas presentadas:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ENTIDADES					
	MUIÑO	TOXOS	PRENSA	ASCM	APXF	COLUMBA
Interese das actividades, coherencia técnica do proxecto e congruencia entre a programación e os obxectivos da convocatoria (20)	20	20	20	20	20	20
Nivel de cobertura poboacional e interese social da iniciativa (10)	10	10	10	10	10	10
Nivel de representatividade da asociación no seu territorio ou sector (5)	5	5	5	5	5	5
Grao de innovación do proxecto e déficit de actividades análogas no municipio (10)	10	5	5	10	10	5
Capacidade de autoxestión da entidade e nivel de financiamento propio no seo do proxecto (5)	3	3	5	3	5	3
Nivel de sostibilidade do proxecto no tempo (15)	15	15	15	15	15	15
Nivel de colaboración con outras entidades cidadás ou axentes sociais na execución do proxecto (10)	10	X	X	X	10	X
Intercambio e participación activa das persoas socias para a execución do proxecto (5)	5	X	X	5	5	X
Promoción da participación cidadá e dinamización comunitaria (5)	5	X	X	5	5	X
Perspectiva de xénero na formulación do proxecto e na difusión de resultados (5)	5	X	X	X	2,5	X
Ambito poboacional ó que vai dirixido o proxecto (5)	5	5	5	5	5	5
Promoción da extensión social da lingua galega ou do proceso de normalización lingüística como obxectivo de proxecto (2,5)	2	1	1	1	1	1
Existencia de documentación oficial da entidade (estatutos, proxectos, orzamentos, certificados), así como documentos habituais de comunicación da asociación (actas, publicidade, circulares, etc.) en lingua galega. Para acreditar este mérito deberase presentar o modelo de declaración responsable de utilización da lingua galega (2,5)	2,5	2,5	2,5	2,5	2,5	2,5

Segundo.- Adxudicar as seguintes subvencións ás Asociacións Culturais de Ferrol que de seguido se relacionan, ao abeiro da convocatoria pública de subvencións para a promoción e fomento da cultura para o ano 2021, en réxime de concorrencia:

Adxudicatarios:

ENTIDADE	SOLICITADO	PUNTUACIÓN (valor pto. 84 €)	VALOR PTO. 84 € 40.000 €	CONCEDIDO	50,00%	PORCENTA JE	IMPORTE A XUSTIFICAR
ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL MUIÑO DO VENTO G70359443	1344	97,5	*8190	1344	672	80	1680
REAL CORO TOXOS E FROLES G15038300	6000	66,5	5586	5586	2793	80	6983
CLUB DE PRENSA DE FERROL G15123151	6000	68,5	5754	5754	2877	61,8	9311
ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL ASCM G15161573	5220,77	81,5	*6846	5220,77	2610,38	80	6826
ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE FERROLTERRA	4000	96	*8064	4000	2000	66	6060,61

G15121676							
SOCIEDADE CULTURAL COLUMBA G15592496	2400	66,5	*5586	2400	1200	80	3000
	TOTAL	476,5		24304,77			

Segundo a base 13.3 o coeficiente de financiamento defínese como o cociente entre o importe da subvención solicitada e o importe do orzamento de gastos presentados pola entidade. O orzamento subvencionado para xustificar será o que teña que xustificar para poder cobrar a subvención e calcúrase como resultado de dividir o importe da subvención concedida polo coeficiente de financiamento.

*O importe concedido a cada entidade calcúlase multiplicando os puntos obtidos na valoración polo importe de cada punto. No caso destas entidades o importe concedido supera o importe solicitado polo que se procedeu a conceder o importe solicitado.

Obxecto da subvención: **Subvencións para promoción e fomento da cultura dende as Asociacións Culturais de Ferrol para o ano 2021.**

Importe: **24.304,77 €**

Partida: **05101 3341 48000**

Outras características: **O prazo máximo para a xustificación da subvención finaliza o día 15.03.2022 (base 12.4)**

Cuarto.- Aboar a cada unha das entidades un anticipo de pago do 50% do importe total adxudicado segundo a base 5.3.”.

E tendo en conta a documentación que o acompaña, así como o informe favorable de Intervención.

Decreto.- Examinei a anterior proposta e apróboa nos seus propios termos.
Ferrol,

Concelleiro Delegado Titular da Área de Cultura
Educación, Universidade, Deportes e Festas

Dou fe,
o secretario xeral